

Victor Heringer

O amor dos homes avulsos







As soon as born the infant cries  
For well his spirit knows  
A little while, and then he dies  
A little while, and down he lies

KITTY SMART, O LUNÁTICO

*Hymns for the Amusement of Children* (1771)

A thousand unborn eyes weep with his misery.  
Antinous is dead, is dead for ever

FERNANDO PESSOA



## INFORME METEOROLÓXICO

A temperatura desta novela sempre está por riba dos 31 °C.

Humidade relativa do ar: xamais por debaixo do 59%.

Ventos: nunca superan os 6 km/h, en ningunha dirección.

O mar está moi lonxe deste libro.



# 1

No comezo, o noso planeta era quente, amarelento e tiña cheiro a cervexa podre. O chan estaba sucio dunha lama fervente e pegañenta.

Os suburbios do Río de Xaneiro foron a primeira cousa que apareceu no mundo, antes mesmo dos volcáns e dos cachalotes, antes de que Portugal invadise, antes de que Getúlio Vargas mandase construír casas populares. O barrio do Queím, onde nacín e crecín, é un deles. Aconchegado entre Engenho Novo e Andaraí, fíxose con esa arxila primordial, que se aglutinou en diversos formatos: cans soltos, moscas e cerros, unha estación de tren, amendoeiras e chabolas e casas de dous andares, bares e arsenais de guerra, armariás e postos de lotaría do bicho<sup>1</sup> e un terreo enorme reservado para o cemiterio. Pero todo estaba aínda baleiro: faltaba a xente.

Non tardou. As rúas xuntaron tanta poeira que o home non tivo máis remedio ca pasar a existir, para varrelas. Á tardiña, sentar nos soportais das casas e queixarse da pobreza, falar mal dos outros e mirar as beirarrúas manchadas polo sol, os ómnibus que volvían do traballo ensuciando todo de novo.

---

1 Xogo de apostas baseado en animais («bichos») e números, moi estendido no Brasil desde o século XIX. Aínda que ilegal, continúa funcionando amplamente, sobre todo en cidades como Río de Xaneiro, e forma parte da cultura popular urbana brasileira. (Todas as notas son do tradutor.)

Lin nun dos meus libros escolares que preto das zonas máis quentes do mundo existiu un pobo que detestaba o sol. ☹️ Os homes berrábanlle insultos á aurora cinco veces ao día e, cando anoitecía, rezaban alegres. As mulleres, así que vían os primeiros raios, cubrían a cabeza e os ollos cun tecido cru, como facían cando enterraban os seus mortos, e só se descubrían ao crepúsculo. Por causa do sol, esa xente era negra e o seu continente era África.

Eu, malia ser moi branco, case verde, son fillo dese pobo. Desde neno odiei o sol, pero pasei a vida sendo lam-bido por el, coma un cachorro. Acabei por tolerar a súa presenza, nalgúns momentos cheguei a crer que o amaba, pero non: odio o sol. Murmuro maldicións contra el cinco veces por día.

Nas vacacións de 1976 eu tiña uns trece anos. O verán nin sequera comezara de verdade, e a pel pelábame por terceira vez. Os brazos e ombros, inflamados en minúsculas bochas, axiña estourarían en lascas de tecido morto. O nariz gañaba unha nova capa de queimado. A cabeza torrada non me deixaba peitear os cabelos. As costas non me deixaban durmir. Xa case era mediodía.

Estabamos desde a mañá na piscina. Joana, a miña irmá máis nova, mergullábase, aboiaba e ría sen a parte de arriba do bikini, a pesar de ter as mamilas xa avultadas. Eu non sabía nadar, tiña que ficar sentado no bordo, cos pés na auga e as coxas no granito quente, observando o sol a amordicar as sombras do chan aos pouquiños. Sentada na terraza do segundo andar, Maria Aína miraba por nós encanto Paulina, a empregada, se ocupaba do xantar ou do po.

Segundo os meus cálculos infantís, Maria Aína debía de ter uns 279 anos. Era unha nosa veciña que viña coi-

darnos cando mamá llo pedía. (Non sei se recibía diñeiro.) Nacera aquí mesmo, no Queím, aquí morreu e aquí viviu, nunha casoupa que existía desde que o barrio era unha facenda. Nunca saíu do Río: o lugar máis distante que visitou en toda a vida foi Jurema<sup>2</sup>, onde moran as almas dos indios.

Respiraba en longos asubíos de animal ancián e vira nacer a todos os que estaban vivos, até a papá. Fraca, filla de escravos, falaba na lingua dos tataravós cando non quería que a entendesen. Ollaba para a froita verde e esta maduraba. Facía doce de cabaza o día de san Cosme e san Damián<sup>3</sup>, e traíanolo aínda morno. Nunca esquecín o sabor, a casquiña quebrábase crocante e, dentro, a crema arenta, polposa. Eramos os primeiros en comer, despois dos erés<sup>4</sup>: ela deixáballes un cunco cheo no medio da maleza. Os doces murchaban e desaparecían. Así se alimentan os espíritos.

Maria Aína quería-me porque nacera igual ca ela, co cordón umbilical enrolado no pescozo. Anos máis tarde, poucos días antes de morrer, díxome que «Quen nace así é porque sempre vai vivir ao bordo da ameaza, ossí<sup>5</sup> Camilo».

---

2 Vila Jurema é un barrio do municipio do Río, pero o nome «Jurema» tamén está relacionado coa planta *Mimosa tenuiflora*, usada en contextos rituais das relixións afrobrasileiras.

3 O día de san Cosme e san Damián, o 26 de setembro, ten unha importancia especial nos ritos das relixións afrobrasileiras, xa que estes santos, considerados protectores dos nenos, se sincretizaron con outras entidades espirituais da umbanda ou do candomblé.

4 Entidade espiritual das relixións afrobrasileiras do candomblé e da umbanda que se manifesta baixo a forma ou o comportamento dun neno.

5 Abreviación de Ossain, orixá (espírito da natureza) do candomblé e da umbanda, relacionado coas plantas e as herbas medicinais.

Joana veu até o bordo e botoume auga nas coxas para aliviar as queimaduras. Saíu da piscina e protexeume cun parasol. Lembro ben a cara que poñía cando coidaba de min: un sorriso tenso, tímido pola falta duns dentes, as sobreceyllas en forma de solemnidade triste, porque eu non podía andar tan ben coma ela. Teño a perna feble. Monoparesia do membro inferior esquerdo. Aleixado, pero non moito. Aos cinco anos xa coxeaba; aos oito, muletas.

Nas vacacións escondía as muletas e utilizaba un caxato de pau de goiabeira case da miña altura, recurvo na punta. Así sentíame un salvaxe, un vagabundo ou un xamán, un neno corrente. (A maior parte do tempo precisaba agarrarme coas dúas mans.) Ese mesmo pedazo de pau hoxe sérveme de bastón, envellecín apoiado nel. Pertenceu a algún parente de María Aína, foi ela quen mo deu. Non sei quen o fabricou, pero é un dos obxectos que máis amo. Cando me dá a tenrura son quen de sentir alma en todo o que está feito da mesma madeira.

Son incapaz de comer goiabas.

Joana saltou de volta á auga. Nadou sen gana por uns momentos e veu de novo onda min. Sorriu, mostrando os desdentiños.

Eu entendía aquel sorriso. Ela quería contar algo. A miña irmá morría de vergoña pola boca fanada, pero sorría cando quería revelar ou coñecer segredos. Sorría para mostrar que a súa boca tamén estaba libre de misterio, que a súa lingua non lle faría mal a ninguén. Era unha nena aberta. (Cando mamá morreu, a principios dos anos cero cero, Joana sorriu amplamente, e despois deume a noticia.)

«Mamá non regou as plantas, outra vez non as regou», dixo, e puxo cara de detective. Para demostralo, saíu da

piscina, saltaricou en dirección ao xardinciño e volveu con follas de fento. Belisquei unha delas, que se me desfixo na man. O sol esturruxara o xardín de mamá. Non debера regalo había semanas.

Joana preguntoume algo coas sobrecellas. Respondín con boca de peixe. Ela suspirou, imitando os adultos, mans na cintura, ollos revirados. Sabía moito máis ca min e, mesmo así, non sabía nada.

Eu só tiña un medo: se as plantas comezaban a secar, axiña ficarían amarelas. Se ficaban amarelas, o outono chegaría antes de tempo e acabaría o verán. Sen verán, non habería vacacións de verán. Teríamos que voltar ao colexio.

Nós nin imaxinabamos a crise que perturbaba desde había meses o matrimonio dos nosos pais. Nin sabíamos quen gobernaba o país. Viviamos baixo a estraña ditadura da infancia: viamos sen enxergar, ouviamos sen entender, falabamos e non nos tomaban en serio. Pero fomos felices durante o réxime. O tecido das nosas pequenas vidas era escuro e escondíanos completamente, un burka sen ollos.

O primeiro rachón deuse aquel día. O ruído do coche de papá chegou até nós. A luz invadiría o noso escondidoiro. Rom-rorrum, alá viña o Corcel xirando na esquina. Parou diante do portal e ruxiu de novo, vru-vruóm, esixindo entrada. Ninguén lle foi abrir. Mamá apareceu na terraza, intercambiou unhas poucas palabras con Maria Aína, fixo coma se fose quedar, pero voltou para dentro. Papá, que subía o portal de ferro, non a viu. Estacionou diante da piscina, tocou a bucina e o sol rebotou de cheo na carrozaría amarelo-flegma do Corcel, dereito contra os nosos ollos. ☺☺

Maria Aína levantouse en anacos, o esqueleto derreado e moulón, e quedou ollando desde arriba. Joana tróuxome o caxato e axudoume a poñerme de pé, o sorriso sen dentes querendo saber o que nos daría papá de agasallo, porque sempre voltaba das viaxes con agasallos. Saíu do coche, bateu a porta, bufou axeitando o pantalón. Calor. O Corcel ronronaba apagado, asmático, antes de durmir realmente. A miña irmá deu un pequeno berro e correu a enrolarse na toalla.

Só entón vin a cabeza del enmarcada pola xanela traseira. A cabeza rapada dun rapaz tan rapaz coma min.

Pero eu tiña pelo e non era daquela cor café con leite. Eu era vermello no verán e, no inverno, branco verdoso. A cabeza del debía de ter esa cor mesturada sempre, cor de nada con leite augado. Parecía forte, eu era máis magro, máis crebadizo, tolleito. Pero nel o fráxil eran os ollos, coma o pescozo dun paxariño, de cría que se ve atrapada nunha rateira.

O meu instinto inicial foi odialo. Quería furarlle os ollos, facelo desaparecer da face do planeta. Non sei por que. O odio non ten razón nin propósito. O amor ten propósito, pero o odio non. O amor serve para a perpetuación da especie humana, protexe da esterilidade e das soidades máis fatais. O odio é meirande, ten máis tentáculos e fala con máis bocas ca o amor. O amor é unha función fisiolóxica, o odio é unha fame sublime e furiosa. É o motivo polo cal somos a especie dominante do planeta. O odio é a perpetración da especie.

Odiei a voz de papá dicindo «Podes vir, ven», e odiei a demora do neno en se coar pola porta entreaberta do coche, e odiei o seu nome —«Chámase Cosme», dixo papá—,

e odiei a camisa azul bebé que levaba (comprada por papá, seguro), e a súa torpe carreira até as ás do *meu* pai, que o aniñou con aquelas gadoupas que tiña. Odiei con odio ancestral, nun idioma que só Maria Aína debía de coñecer e que eu nunca descifrei.

Cunha toalla enrolada á altura dos peitiños nus, a miña irmá foi toda altiva onda o rapaz, fitouno á cara e díxolle un ola desconfiado. El devolveulle o ola, co queixo pegado ao peito, e eu odiei a súa voz asustadiza. Ela dixo que se chamaba Joana e ofreceu a man. El aceptouna, inclinándose todo cabaleiroso. Papá hahahiuse daqueles pequenos adultos e ollou para min, aínda con bágoas de risa nos ollos. Entón deime de conta de que só estaba co traxe de baño, vulnerábel e case nu, apoiado na muleta de pau de goiabeira coma un horríbel lémore.

Debín de sentir vergoña, porque imaxinei ouvir a voz de mamá. Desde dentro, mamá berraba o meu nome. Un berro rutineiro, coma se quixese facerme probar un pixama novo ou tomar xarope de cereixa, que estaba rico e eu bebía sen encabuxarme. Mesmo sendo imaxinaria, a súa chamada era un imán irresistible, moito máis poderoso ca o terror que me producía a voz de papá, que era grande, máis grande ca un quinteiro. Tiña que ir. Escuseime, sen ollar para o novo Cosme, e fun coxeando en dirección á casa grande. Papá non tentou determe. O fillo varón é da nai.

–Dille que chegamos.

Vireime cara a eles e fixen unha viseira coa man, para protexer os ollos do maldito sol. Entón preguntei se aquel era o noso novo irmanciño. Preguntei para facer dano. A cara de papá atraeu todas as outras caras.

El fixo coma que ía comezar a explicar, pero acabou non explicando ren:

–É, non é...

Cosme aferrouse a esa frase. Quedou coa boca entreaberta, coma se estivese vendo por primeira vez un escaravello iridescente.

## 5

Rúa Enone Queirós, antiga Avenida Suaçu, 47. O enderezo da casa da miña nenez. Dous andares, catro cuartos, unha suite, seis cuartos de baño. Sala de estar e comedor, terrazas, cuarto da empregada. Quinteiro amplo, con piscina. Un aguacateiro, unha palmeira (a palmeira era miña; o aguacateiro, de Joana), arbustos variados, sebe viva, animais indesezábeis, moitos insectos, de cando en vez unha sarigüeia. Veciñanza familiar, sen favelas próximas. Moito comercio, ómnibus na porta.

Hoxe en día fica a dous bloques dun dos maiores centros comerciais da Zona Norte e a uns catro quinteiros do apartamento onde moro (2 cuartos, 1 suite). Despois de máis de trinta anos lonxe do Queím, voltei. Quero morrer aquí mesmo onde nacín. Todo o mundo busca a simetría.

Derrubaron case todo o barrio. Na rúa Enone, o único realmente vello que quedou, do tempo da facenda Queím, é a fachada da antiga senzala<sup>6</sup>, porque está protexida por Patrimonio. E só a fachada: por dentro converteuse nun aparcadoiro. Aquí e alá levántanse edificios de vidro no lugar das casiñas decrepitas. Asfaltaron as rúas e a Light<sup>7</sup> despexou as esquinas. Todo encolleu.

---

6 Parte dunha facenda destinada á vivenda dos escravos.

7 Empresa eléctrica que opera principalmente no estado de Río de Xaneiro.